

EXPEDIENTE Nº: 30/2018: OBRA "CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA TERCEIRA IDADE DE "O REVEL""

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXIRÁN NO CONTRATO DA OBRA "CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA TERCEIRA IDADE DE "O REVEL"" A ADXUDICAR MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO.

1.- OBXECTO DO CONTRATO, XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN POR LOTES. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE.

O obxecto do contrato é a contratación polo Concello de Sanxenxo (en diante ente contratante) da obra "**CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA TERCEIRA IDADE DE "O REVEL""** conforme a este prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP), conforme ao proxecto técnico (en diante proxecto) redactado por Don Mariano Vázquez Iglesias, colexiado nº 4181 COAG, ao servizo da mercantil Arquitectura Obradoiro Alberto S.L.P. e a oferta presentada polo contratista, tendo todos eles carácter contractual. En caso de discrepancia primará o sinalado no PCAP. A súa codificación, correspondente ao número de referencia do Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), é 45210000

O obxecto do contrato non se divide por lotes, tal e como se sinala na certificación de data 18 de outubro de 2018 emitida polo redactor do proxecto Don Mariano Vázquez Iglesias, baixo a denominación "Anexo: Clasificación do contratista" coa finalidade de adaptar o proxecto á nova lei de contratos do sector público (Lei 9/2017, de 8 de novembro), que a continuación se transcribe literalmente:

"En cumprimento do establecido no art. 99 da LCSP (Lei 9/2017, de 8 de novembro), xustifícase a non división en lotes do obxecto do contrato, dado que trátase dunha obra que supón unha unidade funcional no ámbito espacial e de execución.

Así mesmo, a realización independente das distintas unidades de obra que compoñen a obra (demolicións, movementos de terras, dotación dos firmes, instalacións varias, xestión de RCD, etc.), suporía un risco para a correcta execución do contrato ao implicar a necesidade de coordinar a execución destas diferentes unidades de obra por unha pluralidade de contratistas diferentes (empresas de transportes, escavacións e movementos de terras, empresas instaladoras e de pavimentacións, empresas de xestión de residuos, etc.)."

As contraprestacións obxecto deste contrato son propias do administrativo de obras e, como tal, as partes sométense á lexislación de contratos do sector público (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en diante LCSP, R.D.1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en diante RXC e R.D.817/2.009); supletoriamente

aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveranse polo órgano de contratación, acordos que poñerán fin á vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto pola lei reguladora desta xurisdición, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

2.-PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO DO CONTRATO, PREZO DO CONTRATO E FINANCIAMENTO.

O presuposto base de licitación, entendido como límite máximo do gasto que en virtude do contrato compromete ao órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE) é de UN MILLÓN CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.555.577,65 €), conforme ao sinalado no proxecto.

O valor estimado do contrato, presuposto base de licitación sen IVE é de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITENTA E CINCO MIL SEICENTOS UN EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (1.285.601,36 €).

O prezo do contrato, entendido como a cantidade en €, incluído o IVE, que se aboará ao contratista en función da prestación realmente executada e de conformidade co pactado, será a cantidade correspondente ao criterio de adxudicación do contrato, avaliable automaticamente, denominado "OFERTA ECONÓMICA" e que non poderá superar o presuposto base de licitación.

Para atender as obrigas económicas que se deriven para o ente contratante do cumprimento deste contrato existe crédito suficiente no presuposto con cargo á aplicación 33010/62200. A estes efectos forman parte do expediente documentos da contabilidade do orzamento de gastos da Entidade Local de retención de crédito "RC" nº de operación 18930 de data 22/11/2018 correspondente ao crédito preciso (98.756,95 euros) para atender ás obrigas derivadas do contrato no exercicio 2018 e nº de operación 52 e importe 655.577,65 euros e 53 e importe 801.243,05 euros, ambos de data 22/11/2018 correspondente ao crédito preciso para atender ás obrigas derivadas do contrato no exercicio 2019 e RC nº de operación 6 de importe 801.243,05 euros de data 22/11/2018 correspondente á anualidade 2020, no suposto que a actuación afectase a esta anualidade, de acordo co disposto no informe económico financeiro preliminar e primeira fiscalización para a aprobación do expediente de contratación asinado o 21/11/2018.

Trátase, pois, dunha obra de carácter plurianual que afecta aos exercicios 2018 e 2019 (e potencialmente 2020).

A adxudicación quedará sometida a condición suspensiva de existencia de crédito

suficiente para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do contrato no exercizo 2019, e se procede no 2020.

3.-RISCO E VENTURA, REVISIÓN DE PREZOS E ADMISIÓN DE VARIANTES.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista, non procederá a revisión de prezos polo seu reducido prazo de duración, nin se admitirán variantes ou alternativas.

4.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR, PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: Poderán concorrer, por se ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera o art. 71 da LCSP e acrediten estar en posesión da clasificación esixida ao contratista

O contrato non se encontra suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co sinalado no art. 19 da LCSP e a adxudicación realizarase mediante o procedemento aberto simplificado do art. 159 da LCSP, dado que o seu valor estimado é inferior a 2.000.000,00 €.

O órgano de contratación é a Alcaldía, por aplicación da Disposición Adicional 2ª 1 e 2 da LCSP, ao tratarse dun contrato cun valor estimado que non supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, nin a contía de 6.000.000,00 €, sendo a súa duración non superior a 4 anos.

5.-CLASIFICACIÓN ESIXIDA AO CONTRATISTA: Deberá acreditar á seguinte clasificación, de acordo co disposto no RXC:

Grupo C) Edificacións.

Subgrupo 4: albañilería, revocos e revestimentos.

Categoría: 1

Subgrupo 5: Pavimentos, solados e alicatados.

Categoría: 1

Grupo I) Instalacións eléctricas

Subgrupo 1: Alumeado, iluminacións e balizamentos luminosos.

Categoría 1.

Grupo J) Instalacións mecánicas.

Subgrupo 2: Ventilación, calefacción e climatización

Categoría 1.

6.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

6.1.- Criterio de adxudicación cuantificable mediante xuízo de valor, coa descrición da puntuación que se atribúe a cada un:

MEMORIA TÉCNICA DESCRIPTIVA CONSTRUTIVA DA OBRA: ATA 25 PUNTOS.

Esíxese que a puntuación obtida por este criterio debe ser igual ou superior a 15 puntos, xa que se non a alcanza algunha proposta, non se procederá a valorar a documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas, non procedéndose á apertura do sobre B das propostas afectadas.

Esta Memoria será dun máximo de 25 páxinas (sen contar os planos), en papel formato DIN-A4, impresas a espazo e medio por unha soa cara, con marxes de 2 centímetros na parte superior, inferior, esquerda e dereita e tamaño de letra similar á Arial 11, admitirase dentro dos 2 cm a inclusión de pé de páxina e encabezado. Os planos que se precisen aportar como complemento a esta Memoria serán en formato DIN-A3. Dita Memoria conterá a exposición concreta e particularizada dos aspectos valorables. Evitarase tanto nela como no conxunto da oferta a exposición de xeneralidades. Rexeitaranse as propostas que excedan do número máximo de páxinas establecido. Desagregarase nos seguintes

- 1. Plan de aseguramento da calidade: ata 15 puntos:** Incluírase un plan de aseguramento da calidade específico para a obra, con identificación de materiais, unidades de obra, estrutura responsable e de organización da obra, a modo de plan de ensaios a seguir pola empresa contratista. Detallaranse cantas actividades de inspección, ensaios e probas, ensaios e control da estrutura existente, mediante técnicas non destrutivas coa utilización de esclerómetro, ultrasón e xeorradar e ensaios de carga nos que se estableza unha diagnose da estrutura existente. Deberá realizarse a súa costa como adxudicatario para esta obra. Estas servirán de complemento ao estipulado no proxecto e prego, estando obrigada a empresa contratista a presentar á Dirección de obra os resultados correspondentes e documentación correspondente xerada. Prestarase atención para que no queden unidades importantes fora de control no plan. **Valorándose ata 15 puntos.**
- 2. Planificación e programación da obra:** Deberán aportar a planificación e programación da execución da obra, na que a partir do planning do proxecto se fixen: definición de tarefas, establecemento do prazo para a súa execución, asignación de recursos e previsión de resultados; así como aportar para a

execución da obra un Diagrama de Ganth e Diagrama de Pert, nos que se estableza o camiño crítico e alternativas o mesmo. **Valorándose ata 10 puntos.**

6.2.- Criterios de adjudicación avaliados matematicamente mediante a utilización de fórmulas, coa descrición da puntuación que se atribúe a cada un:

- 1. REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA:** Valorarase ata un máximo de **40 PUNTOS**, a razón de **5,00 PUNTOS** por cada mes de **redución do prazo de execución da obra con respecto ao prazo establecido no proxecto técnico; non admitíndose fraccionamento do período mensual, polo que a oferta de redución terá que ser por meses completos.**
- 2. MELLORAS:** Valorarase ata un máximo de **30 PUNTOS**. A estes efectos, para establecer unha maior obxectividade das melloras e que estas sexan de interese para a mellora da calidade da prestación, xa se establecen as **unidades completas** que poden ser ofertadas polos licitadores no documento denominado **"MELLORA OBRA "CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA TERCEIRA IDADE DE "O REVEL""**, que figura como **ANEXO A** a este prego, **non admitíndose outras melloras que non sexan as establecidas no citado ANEXO A, nin o fraccionamento de cada unha das melloras.**
- 3. INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA:** Valorarase ata un máximo de **15 PUNTOS**, a razón de **3,00 PUNTOS** por cada ano de **ampliación da garantía con respecto ao prazo establecido neste prego, non admitíndose fraccionamento do período anual, polo que a oferta de ampliación terá que ser por anos completos.**
- 4. OFERTA ECONÓMICA:** Valorarase ata un máximo de **15 PUNTOS**. **Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o Orzamento Base de Licitación, co IVE (1.555.577,65 €).** No caso de que o licitador non o puntualizase entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=15 \times [(Y/X)]$$

sendo:

15=Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

Y: Oferta máis baixa.

X: Oferta a valorar.

7.-CRITERIOS DE DESEMPATE.

Se aplicados os criterios de adxudicación citados na cláusula anterior, existe un empate entre dúas o mais ofertas, aplicarase o seguinte criterio social, referidos ao momento de finalización do prazo de presentación de ofertas:

- Maior porcentaxe de mulleres empregadas na plantilla de cada un dos licitadores.

No caso de persistir o empate, procederase a realizar un sorteo

A documentación acreditativa do criterio de desempate será aportada polos licitadores no momento no que se produza o empate e non con carácter previo.

8.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN. INFORMACIÓN ADICIONAL E CONFIDENCIALIDADE.

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e a documentación pola que se rexe a licitación e a súa presentación supón a aceptación incondicional polo licitador do contido da totalidade das súas cláusulas o condicións, sen reserva algunha, ase como a autorización ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea.

As proposicións presentaranse en dous sobres pechados, por constar no expediente informe previo dos servizos informáticos do ente contratante de que este non dispón dos medios ofimáticos necesarios para poder facilitar a presentación e apertura da oferta por medios electrónicos, polo que se aplica a circunstancia prevista no apartado 3 c) da Disposición adicional 15ª da LCSP e tendo en conta que o art. 157 da LCSP, fai referencia a que as proposicións poderán presentarse desta forma.

O prazo de presentación de proposicións será de **vinte** días naturais, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación, que figura na páxina web do ente contratante, www.sanxenxo.es (en diante perfil do contratante) e que utiliza a Plataforma da Contratación do Sector Público do Estado.

Dado que a tramitación deste expediente e mediante o procedemento aberto simplificado regulado no art. 159 da LCSP, **AS PROPOSICIÓN UNICAMENTE PRESENTARANSE DIRECTAMENTE NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO, SITO NA CASA DO CONCELLO EN SANXENXO, DE LUNS A VENRES, DAS 9 ÁS 14 HORAS, NON ADMITÍNDOSE A PRESENTACIÓN DE OFERTAS POR CORREOS OU POR CALQUEIRA OUTRO MEDIO.**

O órgano de contratación proporcionará a todos os interesados no procedemento de licitación, a mais tardar seis días naturais antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, a información adicional sobre os pregos y demais

documentación complementaria que estes soliciten, a condición de que a pidan, al menos doce días naturais antes do transcurso do prazo de presentación das proposicións.

De acordo co art. 133 da LCSP, o órgano de contratación non divulgará a información facilitada polos licitadores que estes indicasen como confidencial no momento de presentar a súa oferta. O carácter de confidencialidade afecta, entre outros, aos secretos técnicos ou comerciais, aos aspectos confidenciais das ofertas e a calquera outras informacións con contido que poida utilizarse para falsear a competencia, xa sexa neste procedemento de licitación ou en noutros posteriores. O deber de confidencialidade do órgano de contratación, ase como dos seus servizos dependentes non poderá estenderse a todo o contido da oferta do adxudicatario. O deber de confidencialidade tampouco poderá impedir a divulgación pública de partes non confidenciais dos contratos celebrados, respectando en todo caso o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato e a que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa natureza teña que ser tratada como tal, manténdose este deber durante o prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información.

9.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.

Os licitadores deberán presentar a proposición en **dous sobres**, pechados e firmados polo licitador ou persoa que o representa, facendo constar no sobre o nome do licitador, a dirección de correo electrónico na que efectuar as notificacións, un número de teléfono e o seguinte título:

DOCUMENTACIÓN PARA TOMAR PARTE NA LICITACIÓN DA OBRA "CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA TERCEIRA IDADE DE "O REVEL"".

A documentación a incluír no sobre A é a seguinte:

A.-DECLARACIÓN RESPONSABLE, CONFORME AO MODELO QUE SE ACHEGA COMO ANEXO I. (No suposto de que varios licitadores concorran agrupados nunha unión temporal, aportarase unha declaración responsable por cada participante, na que figurará a información requirida neste modelo), que deberá estar firmada, referida a data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato e na que o licitador poña de manifesto:

- Que o licitador está inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia ou,

para licitadores estranxeiros, nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea e que as circunstancias que figuran neles, respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación, autorizando á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos alí recollidos.

- Que o asinante da proposta ostenta a representación da sociedade que presenta a oferta.

- Que o licitador conta coa clasificación correspondente.

- Que o licitador conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade.

- Que o licitador non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar do art. 71 da LCSP.

- Se é o caso, que o licitador recorre ás capacidades doutras entidades para executar parte do contrato.

- Se se trata dunha empresa estranxeira, a declaración de sometemento ao foro español.

B.-COMPROMISO DE CONSTITUIR UNIÓN TEMPORAL POLOS LICITADORES QUE SEXAN PARTE DA MESMA, CONFORME AO MODELO QUE SE ACHEGA COMO ANEXO II.(Só no suposto de concorrencia nunha unión temporal). Deberá estar asinada por todos os licitadores que se agrupen en unión temporal.

C.-DESIGNACIÓN DUNHA DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO Á QUE EFECTUAR AS NOTIFICACIÓN, CONFORME AO MODELO QUE SE ACHEGA COMO ANEXO III, que deberá estar firmada polo licitador.

D.-PROPOSTA ADAPTADA AO CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUIZO DE VALOR, CONFORME AO MODELO QUE SE ADXUNTA COMO ANEXO IV, que deberá estar firmada polo licitador.

A documentación a incluír no **SOBRE B** é a seguinte:

ANEXO V: PROPOSTA ADAPTADA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

10.-MESA DE CONTRATACIÓN.

A presidirá o Sr. Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue e formaran parte dela, como vocais, o Secretario da Corporación e o Interventor. Actuará como Secretario un funcionario/a designado pola Alcaldía. A composición da mesa publicarase no perfil do contratante cunha antelación mínima de sete días naturais con respecto a súa data de constitución. A mesa poderá solicitar asesoramento externo para a avaliación das

proposicións presentadas, pero dita asistencia será autorizada polo órgano de contratación e deberá reflectirse no expediente, xunto coa identidade dos técnicos.

11.- NOTIFICACIÓN AOS LICITADORES.

De conformidade coa Disposición adicional décimo quinta da LCSP, o ente contratante realizará as notificacións, utilizando o servizo da Plataforma da Contratación do Sector Público do Estado, á dirección electrónica designada polo licitadores. Os prazos a contar desde a notificación computaranse desde a data do envío da mesma, sempre que o acto obxecto da notificación se publicase o mesmo día no Perfil de contratante. En caso contrario os prazos computaranse desde a recepción da notificación polo interesado.

O prazo para considerar rexeitada a notificación electrónica, cos efectos previstos no art. 41.5 da Lei 39/2015, será de dez días naturais computados desde que se teña constancia da súa posta a disposición do interesado, sen que se acceda ao seu contido, agás que de oficio ou a instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso.

12.-PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E FORMALIZACIÓN DO MESMO.

Ao tratarse dun procedemento aberto simplificado, a adxudicación desenvolverase conforme ao seguinte trámite:

A mesa reunirse na secretaría do concello, **ás dez horas do primeiro día hábil seguinte ao da data de finalización do prazo de presentación de proposicións**. Esta reunión non terá carácter público. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de mesas de distintos procedementos de adxudicación, as reunións comezaran polo expediente de maior contía do presuposto base de licitación e seguirán, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado.

A mesa procederá á apertura do sobre A presentado por cada licitador. Comprobará que a documentación contida no sobre A (Anexo I, Anexo II, se é o caso, Anexo III e Anexo IV) se axusta ao PCAP. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada no **SOBRE "A"** comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica e mediante comunicación electrónica que se realizará utilizando o servizo da Plataforma da Contratación do Sector Público do Estado, á dirección electrónica designada polo licitadores para que no prazo de **TRES DÍAS NATURAIS**, a contar desde o envío da comunicación, os licitadores corrixa ou emenden os defectos ou omisións. Faise

constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil.

A continuación a Mesa trasladará as propostas ao/s á/ás técnico/a técnicos/as para a emisión do correspondente informe de valoración da documentación dependente de xuízo de valor, que deberá ser subscrito no prazo máximo de **sete días**.

Recibido o informe técnico de valoración da documentación no sobre A, a mesa se reunirá en acto público na secretaría do concello na data e hora anunciada no perfil do contratante, publicación que deberá efectuarse cunha antelación mínima de DOUS DÍAS HÁBILES, para que os interesados en asistir ao acto teñan coñecemento da sesión para proceder a:

1.º **Previa exclusión, no seu caso**, das ofertas que non cumpran os requirimentos dos pregos, **dar conta do informe de valoración** das proposicións presentadas no sobre A, e no seu caso da exclusión das propostas que non alcanzaran unha puntuación mínima de 15 puntos na documentación incluída no sobre A.

2º **Proceder á apertura dos sobres B.**

3º Evaluar cada unha das ofertas económicas. Se como consecuencia da valoración das ofertas presentadas exista un **empate** entre varios licitadores, tal circunstancia comunicárase verbalmente aos licitadores que estean na situación de empate, ao número de teléfono que apareza na portada da plica e procederá a publicala no perfil do contratante, concedendo un prazo de tres días naturais, contado a partir da publicación no perfil do contratante, para que os licitadores que estean na situación de empate presenten no Concello, en sobre pechado, a documentación para valorar o criterio de desempate que figura na cláusula 8ª deste prego. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil.

Unha vez presentada a documentación polos licitadores interesados, a mesa previos os informes que considere oportunos, procederá a súa valoración, da que se dará conta nunha reunión que se celebrará na sala da xuntas do Concello, na data e hora que se publicará no perfil do contratante, indicando o motivo da reunión e a posibilidade de que na mesma se realice un sorteo en caso de producirse un novo empate, cunha antelación mínima á súa celebración de dous días hábiles. Na citada reunión, logo de dar conta da valoración do criterio de desempate, informarase que se formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta con maior valoración polo criterio de desempate, agás que se produza un novo empate, suposto no que na mesma reunión e, con carácter público, se procederá a celebrar o sorteo para determinar a quen se proporá como adxudicatario e a realizar as actuacións que se detallan nos apartados seguintes desta cláusula.

4.º Unha vez realizada a valoración a Mesa, **antes de proceder a realizar a proposta de adxudicación, procederá a identificar se existen ofertas incursas en presunción de anormalidade**, utilizando os criterios establecidos no art. 85.1 ao 4 do RXC para a oferta económica. - **No caso de que a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación se presuma que é anormalmente baixa**, tramitarase o procedemento previsto no art.149 da LCSP, debendo requerirse a este licitador para que no prazo de **3 días hábiles**, contados a partir do seguinte a aquel no que reciba a comunicación que se realizará a través da Plataforma da Contratación do Sector Público do Estado, xustifiquen e desagreguen, razoada e detalladamente, o baixo nivel dos prezos, ou dos custos, ou calquera outro parámetro con base no cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.

Concretamente, a mesa de contratación poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou dos seus custos.

Xustificada a oferta ou no suposto de non considerarse como anormalmente baixa efectuarase a proposta de adxudicación pola Mesa de contratación.

5º **Realizar a proposta de adxudicación** a favor do candidato con mellor puntuación, ou no seu caso, ao que resultase proposto por aplicación dos criterios de desempate.

6.º **Comprobar no rexistro oficial de licitadores** ou lista que corresponda que a empresa está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, que ostenta a clasificación correspondente e que non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

7º Continuarase coa tramitación cara a adxudicación requirindo ao licitador que obtivo a mellor puntuación ou, no seu caso, ao que resultase proposto por aplicación dos criterios de desempate, mediante comunicación electrónica que se realizará utilizando o servizo da Plataforma da Contratación do Sector Público do Estado, á dirección electrónica designada polo licitadores, para que no **prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación**, realice a seguinte actuacións:

- **Constituir, por algún dos medios previstos no art. 108.1 da LCSP, a garantía definitiva dun 5 por 100 do prezo final ofertado, excluído o IVE.**

- **Ou no seu caso, aportar o compromiso doutras entidades.**

Presentada a documentación requirida no apartado 7º desta cláusula e previa fiscalización do compromiso do gasto pola Intervención, nun prazo non superior a 5 días, procederase a adxudicar o contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose, unha vez adxudicado o mesmo, a súa formalización.

No caso de que no prazo outorgado ao efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a garantía definitiva requirida no apartado 7º desta cláusula, e no seu caso o compromiso doutras entidades efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para realizar as actuacións previstas no citado apartado.

A notificación do acordo de adxudicación deberá ser notificada ao candidato e aos resto de licitadores e o correspondente ***anuncio de adxudicación deberá ser publicada no Perfil do Contratante*** da Plataforma da Contratación do Sector Público do Estado no prazo de **15 días** e deberá recoller a información recollida no artigo 151 da LCSP.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axustará con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

Ao ser este contrato NON susceptible do recurso especial en materia de contratación, **a formalización deberá efectuarse dentro dos 15 días hábiles desde que se efectúe a notificación da adxudicación ao adxudicatario e aos licitadores.**

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro del prazo indicado, esixiralle o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVA excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo, en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se houbese constituído, sen prexuízo da súa consideración como causa de prohibición para contratar.

Neste caso o contrato adxudicarase ao seguinte licitador pola orde de clasificación das ofertas, previa presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, nos prazos que procedan.

Se as causas da non formalización fosen imputables ao ente contratante, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que aa demora lle puidese ocasionar.

Non poderá procederse á execución do contrato con carácter previo a súa formalización.

13.-PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E AVISO PREVIO.

Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no ente contratante, no prazo **de quince días naturais desde a firma do contrato, un Plan de Seguridade e Saúde** (en diante Plan) na execución da

obra, en aplicación do Estudo de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras(en diante RDSS). O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde (en diante Coordinador), aprobarase, se procede, pola Presidencia do ente contratante, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan. Os prazos de execución da obra non suspenderanse no caso da non presentación do Plan polo contratista, tan só farano a partir da presentación do Plan no ente contratante e mentres non se comunique ao contratista a súa aprobación.

O Coordinador efectuará o aviso previo a autoridade laboral antes do comezo das obras conforme ao disposto no art.18 do RDSS e comunicará ao contratista a presentación do aviso previo que se expoñerá na obra de forma visible.

14.- DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS E RESPONSABLE DO CONTRATO.

A dirección e inspección das obras correspóndelle ao Director Facultativo (en diante Director), nomeado polo ente contratante. A efectos do disposto no art.62 da LCSP as facultades do responsable do contrato exerceranse polo Director. Asemade de acordo co artigo 13 de LOE, será necesario nomear a Director de execución da obra.

15.-ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO.

Dentro do prazo máximo de **un mes dende a formalización do contrato** o Director procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación. Se o contratista non acude, sen causa xustificada, a comprobación do replanteo, producíndose unha demora no prazo de realización deste acto, tal feito considerárase causa de resolución do contrato.

16.-PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA E MODIFICACIÓNS DO CONTRATO.

O prazo de execución da obra é de **DEZAOITO MESES** a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, SE BEN PODE DIMINUIR con respecto ao sinalado no proxecto á vista da OFERTA presentada polo contratista. O prazo de execución unicamente prorrogárase cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Non se prevén modificacións do contrato neste prego, motivo polo que tan só poderán acordarse polo órgano de contratación, sempre que se cumpran todos os requisitos enumerados no art. 205.1 da LCSP, nos supostos previstos no art. 205.2 da LCSP.

As modificacións deberán formalizarse conforme ao disposto no art.153 da LCSP e publicarse no perfil do contratante no prazo de cinco días desde a súa aprobación, mediante anuncio ao que se acompañarán as alegacións do contratista e todos os informes previos a súa aprobación.

As modificación acordadas serán obrigatorias para o contratista cando impliquen illada ou conxuntamente unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato excluído o IVE. No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha.

Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados polo ente contratante, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Cando o contratista non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que houbese fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao art. 211 da LCSP.

Cando a modificación contemple unidades de obra que haxan de quedar posterior e definitivamente ocultas, antes de efectuar a medición parcial das mesmas, deberá comunicarse á Intervención do ente contratante, cunha antelación mínima de cinco días, para que, se o considera oportuno, poida acudir ao devandito acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso, sen prexuízo de, unha vez terminadas as obras, efectuar a recepción, de conformidade co disposto no apartado 1 do art. 243 da LCSP, en relación co apartado 2 do art. 210 da LCSP.

Cando o Director considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que para ese efecto regula a LCSP, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará coas seguintes actuacións:

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.

No entanto, non terán a consideración de modificacións:

- i. O exceso de medicións, entendendo por tal, a variación que durante a correcta execución da obra prodúzase exclusivamente no número de unidades realmente

executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial. Devandito exceso de medicións será recolleito na certificación final da obra.

ii.A inclusión de prezos novos, fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta Lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que non supoñan incremento do prezo global do contrato nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 3 por cento do orzamento primitivo do mesmo.

Se experimenta variación o prezo do contrato, deberá reaxustarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado no prazo de quince días naturais contado desde a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

17.- EXECUCION DAS OBRAS, RESPONSABILIDADE NA EXECUCION DO CONTRATO E CONDICIÓN ESPECIAL DE EXECUCIÓN.

A dirección e inspección das obras correspóndelle ao Director Facultativo (en diante Director), nomeado polo ente contratante. A efectos do disposto no art.62 da LCSP as facultades do responsable do contrato exerceranse polo Director.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no PCAP, ao proxecto e conforme ás instrucións que, en interpretación técnica, dese ao contratista o Director. Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito no mais breve prazo posible, para que sexan vinculantes para as partes.

Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía o contratista é responsable de todos os defectos que na construción poidan advertirse.

Expresamente queda obrigado o contratista a sinalizar e valar dun xeito concreto e detallado todas as obras obxecto deste contrato, correndo da súa exclusiva responsabilidade as indemnizacións que puidesen corresponder a terceiros por danos como consecuencia da defectuosa ou incompleta sinalización ou valado e a non correcta adopción das medidas de seguridade establecidas na lexislación vixente, sen que o concello asuma responsabilidade algunha por este concepto

O contratista obrígase a cumprir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de integración social de minusválidos e de prevención de riscos laborais, conforme ao disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre Prevención de Riscos Laborais e as súas normas regulamentarias e de desenvolvemento.

Así mesmo o contratista asumirá a responsabilidade civil, administrativa ou penal que lle puidese corresponder como consecuencia da execución do contrato. Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da

administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte ao da produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde á responsabilidade dos danos. O exercizo desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción. A reclamación formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

De acordo ao establecido no artigo 202.2 da LCSP (Lei 9/2017, de 8 de novembro), establécese a seguinte condición especial de execución do contrato, de tipo medio ambiental: A totalidade da iluminación prevista no proxecto será a base de luminarias con tecnoloxía LED.

Esta condición mellora as prestacións da iluminación, incrementando con elo a eficiencia enerxética e o aforro enerxético, reducindo a contaminación lumínica e os gases de efecto invernadoiro.

18.-PENALIDADES.

Imporanse penalidades ao contratista cando incorra en algunha das causas previstas a continuación:

Por demora na execución do contrato: Tendo en conta que a constitución en mora do contratista non precisará intimación previa do ente contratante, cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto do prazo total ou dos prazos parciais de cumprimento do contrato, o órgano de contratación poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de **penalidades diarias** na proporción de 0,60 € por cada 1.000,00 € do prezo do contrato.

a) **Por cumprimento defectuoso total ou parcial da prestación obxecto do contrato ou por incumprimento dos compromisos do contratista incluídos na oferta presentada respecto dos criterios de adxudicación ou por incumprimento das condicións especiais de execución:** Se durante a execución do contrato se apréciase que, por causas imputables ao contratista, este realice algún dos incumprimentos citados no título deste apartado, o órgano de contratación poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición das seguintes penalidades:

- Como regra xeral a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade, tendo en conta que a totalidade das mesmas non poderán superar o 50 por cento do prezo do contrato, IVE excluído.

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultará que a súa oferta non houbera sido a mellor valorada.

No suposto de incumprimento parcial ou defectuoso no que as penalidades non cubren os danos causados á administración, esta esixirá ao contratista indemnización por danos e prexuízos.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, a proposta do responsable do contrato, sendo inmediatamente executivo o acordo e facéndose efectivas mediante dedución das cantidades que en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía cando non poidan deducirse dos mencionados pagamentos.

No suposto de resolución por demora na execución imputable ao contratista, esta deberá acordarse polo órgano de contratación, sen outro trámite preceptivo que a audiencia do contratista e o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

19.-CERTIFICACIÓNS DE OBRA QUE NON TEÑAN O CARÁCTER DE FINAIS, APROBACIÓN E O SEU PAGO.

Para os efectos do pago, o ente contratante expedirá mensualmente, nos primeiros dez días seguintes ao mes ao que correspondan, certificacións que comprendan a obra executada conforme a proxecto durante o devandito período de tempo, abonos que teñen o concepto de pagos a conta suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer en forma algunha, aprobación e recepción das obras que comprenden.

Nos casos nos que o importe acumulado dos abonos a conta sexa igual ou superior con motivo do seguinte pago ao 90 por cento do prezo do contrato incluídas no seu caso, as modificacións aprobadas, observarase o disposto no art.198.2 da LCSP respecto da comunicación á Intervención prevista na citada disposición.

O ente contratante deberá aprobar as certificacións de obra que non teñan o carácter de finais, dentro dos trinta días seguintes da data da súa expedición.

O ente contratante terá a obriga de abonar o prezo dentro dos trinta días seguintes a data de aprobación das certificacións e se se demorase deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento do citado prazo, os xuros de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que se inicie o computo do devengo de intereses o contratista deberá presentar a correspondente factura que deberá reunir os requisitos da factura electrónica, de acordo co disposto na Lei 25/2013 e deberá estar rexistrada correctamente no portal

de entrada do Estado (FACE). Se a demora no pago fose superior a catro meses, o contratista poderá proceder, no seu caso, á suspensión do cumprimento do contrato, debendo comunicar ao ente contratante, cun mes de antelación, tal circunstancia, a efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse de dita suspensión, nos termos establecidos na LCSP. Se a demora no pago fose superior a seis meses, o contratista terá dereito, así mesmo a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia disto se lle orixinen.

20.-RECEPCIÓN DAS OBRAS, APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DAS OBRAS E O SEU PAGO, PRAZO DE GARANTÍA E LIQUIDACIÓN DO CONTRATO.

Á recepción das obras á súa terminación concorrerá un facultativo designado polo ente contratante, representante deste, o Director e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo. Asemade asistirá o Interventor municipal, que poderá estar asistido por un técnico especializado no obxecto do contrato, que deberá ser diferente ao Director, debéndose incorporar ao expediente a comunicación efectuada á Intervención Municipal para a súa asistencia á recepción no exercizo das súas funcións da comprobación material da inversión.

Se se atopan as obras en bo estado e con arranxo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta.

Cando as obras non estean en estado de recibirse farase constar ase na acta e o Director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas, fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non as efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato. Se, finalmente, corríxense os defectos observados e as obras encóntranse en bo estado e conforme co sinalado polo Director, levantarase a correspondente acta a que concorreran un facultativo designado polo ente contratante representante deste, o Director e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo e o Interventor municipal, comezando o prazo de garantía.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ao contratista, a conta da liquidación do contrato, dentro dos trinta días seguintes a data de aprobación desta certificación final, sendo de aplicación o previsto no derradeiro parágrafo da anterior cláusula deste PCAP para o pago das restantes certificacións e presentación de facturas.

O prazo de garantía será dun ano, contado desde a data da acta de recepción formal da obra, poidendo este ampliarse, de acordo co sinalado na oferta do contratista.

Dentro do prazo de quince días naturais anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o Director, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, agás o disposto na cláusula seguinte do PCAP sobre responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e a liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigas pendentes, que deberá efectuarse no prazo de sesenta días naturais. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados respondesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o Director procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha pola ampliación do prazo de garantía

Sempre que por razóns excepcionais de interese público, debidamente motivadas no expediente, o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, desde que concorran ditas circunstancias produciranse os efectos e consecuencias propios do acto de recepción das obras.

21.-RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS

Se a obra arruínase ou sofre deterioracións graves incompatibles coa súa función, con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se produzan ou se manifesten durante un prazo de quince anos a contar desde a recepción.

Así mesmo, o contratista responderá durante o devandito prazo dos danos materiais causados na obra por vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción, contados desde a data de recepción da obra sen reservas ou desde a subsanación destas.

As accións para esixir a responsabilidade prevista no apartado anterior por danos materiais dimanantes dos vicios ou defectos, prescribirán no prazo de dous anos a contar desde que se produzan ou se manifesten devanditos danos, sen prexuízo das accións que poidan subsistir para esixir responsabilidades por incumprimento contractual.

Transcorrido o prazo de quince anos establecido no primeiro apartado deste artigo, sen que se manifestara ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida calquera responsabilidade do contratista.

22.-CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN.

Dado que as cualidades técnicas ou persoais do cedente no serán razón determinante da adxudicación do contrato, por non figurar circunstancias deste carácter dentro dos criterios de adxudicación que figuran na cláusula 5ª deste prego e considerando que a cesión non da lugar a unha restrición efectiva da competencia pola contía do contrato, poderá autorizarse a cesión do contrato sempre que se reúnan todos os requisitos que se citan no art.214.2 da LCSP.O cesionario quedaría subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente.

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación obxecto do contrato. A estes efectos e, de conformidade co disposto no art. 215 da LCSP, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, a mais tardar, cando inicie a súa execución, ao órgano de contratación a intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista e xustificando suficientemente a aptitude deste e acreditando que o mesmo non se atopa incurso en prohibición de contratar.

O contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de contratación calqueira modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas.

No caso de que o subcontratista tivese a clasificación adecuada para realizar a parte del contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a aptitude da mesma.

A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e ase se xustifica suficientemente.

A infracción das condicións para proceder á subcontratación, ase como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras previstas na LCSP, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias:

a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.

b) A resolución do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do art. 211 de la LCSP.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, polo tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao ente

contratante, con arranxo estrito ao PCAP, ao proxecto e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia medioambiental, social ou laboral.

O coñecemento que teña o ente contratante dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións que o contratista deba realizar ou a autorización que outorgue nos contratos de carácter secreto ou reservado, ou naqueles na que a execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais, no alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertarse polo contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do art. 71 da LCSP.

O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratistas non terán en ningún caso acción directa fronte ao ente contratante polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos, sen prexuízo da disposición adicional 51ª da LCSP.

23.-EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Ademais do suposto do cumprimento do contrato, este extinguirase pola súa resolución, sendo as causas as previstas nos arts. 211 e 245 da LCSP, que se aplicará na forma prevista no art. 212 da LCSP e cos efectos citados nos arts. 213 e 246 da LCSP. Será causa específica de resolución do contrato o incumprimento polo contratista das obrigas asumidas na oferta, en especial o incumprimento culpable polo contratista dos prazos de execución da obra, tal e como se sinala na cláusula 18 deste prego.

24.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA.

Serán da súa conta:

- Os gastos en tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como os necesarios para obter as licenzas e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente.
- Os gastos da elaboración dun Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra, conforme o disposto no Estudio de Seguridade e Saúde incluído no proxecto en base ao que se execute a obra.

- **Os gastos da fabricación e colocación do/s cartel/s de obra que deberán adecuarse ao fixado polo Concello.**

Sanxenxo, 22 de novembro de 2018.

O alcaldesa accidental



María Deza Martínez

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

No caso de que concorran varios licitadores agrupados nunha unión temporal, aportarase unha declaración por cada licitador axustada a este modelo.

Denominación do contrato: **"CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA TERCEIRA IDADE DE "O REVEL""**.

Data da declaración:

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome:

Apelidos:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Dirección a efectos de notificación:

No caso de actuar en representación dunha persoa xurídica: Entidade mercantil á que representa:

CIF:

Cargo:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1º Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.

2º Que coñezo e acepto incondicionalmente, sen excepción ou reserva ningunha, o prego de cláusulas administrativas particulares (en diante PCAP), o proxecto técnico das obras (en diante proxecto), ase como a restante documentación de carácter contractual que regula a licitación de referencia.

3º Que a persoa que declara -ou a entidade á que represento- está inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda) e que as circunstancias que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación, autorizando ao órgano de Contratación para consultar os datos alí recollidos :

Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado.

Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº de inscrición _____).

4º Se é o caso e no suposto de que o licitador sexa estranxeiro, que a persoa que declara -ou a entidade á que represento- está inscrita nas listas oficiais de operadores económicos de _____, Estado membro da Unión Europea e que as circunstancias que nel figuran, respecto dos requisitos esixidos para a admisión neste procedemento de contratación, son exactas e non experimentaron variación, autorizando ao órgano de Contratación para consultar os datos alí recollidos.

5º Que ostento poderes suficientes para representar á entidade licitadora (no caso de persoas xurídicas).

6º Que a persoa que declara -ou a entidade á que represento- cumpre os requisitos de clasificación correspondente.

7º Que a persoa que declara -ou a entidade á que represento- conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade.

8º Que dispoño do compromiso da entidade/s _____ para executar as seguintes partes do contrato _____ (Só se o licitador na súa oferta indica que recorre ás capacidades doutras entidades).

9º Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, ni ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incurso nalgún dos supostos aos que se refire o artigo 71 da LCSP.

10º No suposto de que o licitador sexa estranxeiro, que a persoa que declara -ou a entidade á que represento- se compromete a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

11º De acordo co disposto no artigo 133 da LCSP declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta: _____.

12º Que a mercantil á que represento e presenta a proposición e ou non unha PYME (márquese o que proceda)

SI

NON

13º Que o licitador non ten vinculación con ningunha empresa. No caso de que si exista vinculación, declaro que as empresas coas que existe vinculación son as seguintes: _____

Lugar, data, selo e sinatura

ANEXO II

COMPROMISO DE CONSTITUIR UNIÓN TEMPORAL POLOS LICITADORES QUE SEXAN PARTE DA MESMA (Só no suposto de que varios licitadores concorran agrupados nunha unión temporal).

Contrato obxecto da licitación: **"CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA TERCEIRA IDADE DE "O REVEL""**.

D/D^a _____, con domicilio en _____, con D.N.I. nº _____, actuando en nome e representación de _____, con domicilio social en _____, e C.I.F. _____, conforme se acredita con _____ (ou actuando en nome propio).

D/D^a _____, con domicilio en _____, con D. N.I. nº _____, actuando en nome e representación de _____, con domicilio social en _____, e C.I.F. _____, conforme se acredita con _____ (ou actuando en nome propio).

D/D^a _____, con domicilio en _____, con D. N.I. nº _____, actuando en nome e representación de _____, con domicilio social en _____, e C.I.F. _____, conforme se acredita con _____ (ou actuando en nome propio).

DECLARAN O SEGUINTE:

I. Que manifestan a súa vontade de constituír unha unión temporal de empresas (UTE) de acordo coa Lei 18/1982, do 26 de maio, comprometéndose, en caso de resultar adxudicatarios do contrato obxecto de licitación, a formalizar a constitución da devandita UTE por medio escritura pública, estando obrigados solidariamente.

II. Que a participación que cada empresa ostentará na unión temporal de empresas será a que se detalla a continuación (expresada en porcentaxe):

- _____ participará nun ____%.
- _____ participará nun ____%.
- _____ participará nun ____%. (...)

III. Que para os efectos mencionados, os intervinientes designan como representante único da devandita unión (xerente) a D/D^a _____, con D.N.I. nº _____.

IV. Que de igual modo, designan como domicilio único a efectos de notificacións a seguinte dirección _____.

Lugar, data e sinatura dos licitadores.

ANEXO III

DESIGNACIÓN DUNHA DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO Á QUE EFECTUAR AS NOTIFICACIÓNS

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar
no procedemento de contratación da obra de "**CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA
TERCEIRA IDADE DE "O REVEL"**".

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen
no seguinte correo electrónico: _____

Lugar, data e sinatura dos licitadores.

ANEXO IV

PROPOSTA ADAPTADA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES DEPENDENTES DE XUIZO DE VALOR

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa proposta para participar
no procedemento de contratación da obra "**CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA
TERCEIRA IDADE DE "O REVEL"**", comprométese a prestalo con suxeición ao
prego de cláusulas administrativas particulares, ao proxecto e a presente oferta que
se axusta ao criterio de adxudicación fixada na cláusula 6ª do prego de cláusulas
administrativas particulares, dependente de xuízo de valor.

Achego, coas características esixidas na cláusula 6ª.1 do prego de
cláusulas administrativas particulares, unha **MEMORIA TÉCNICA
DESCRITIVA CONSTRUTIVA DA OBRA**, dividida nos seguintes
apartados:

Plan de aseguramento da calidade: Inclúo un plan de aseguramento da calidade
específico para a obra, con identificación de materiais, unidades de obra, estrutura
responsable e de organización da obra, a modo de plan de ensaios.

Planificación e programación da obra: Aporto a planificación e programación da
execución da obra, na que a partir do planning do proxecto se fixan: definición de
tarefas, establecemento do prazo para a súa execución, asignación de recursos e
previsión de resultados; e apporto para a execución da obra un Diagrama de Ganth e
Diagrama de Pert, nos que se estableza o camiño crítico e alternativas o mesmo.

Lugar, data e sinatura dos licitadores.

ANEXO V

PROPOSTA ADAPTADA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa
xurídica -----, CIF nº-----, a efectos de
incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación da
obra de "comprométese a prestalo con suxeición ao prego de cláusulas
administrativas particulares, ao proxecto técnico e a presente oferta que se
axusta aos criterios de adxudicación fixados na cláusula 6ª do prego de
cláusulas administrativas particulares:

1. REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS: Ofrezo a
execución da obra de "**CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA TERCEIRA
IDADE DE "O REVEL"**", cunha **redución do prazo de execución da
obra con respecto ao establecido no proxecto técnico de ___
meses completos.**

2. MELLORAS: Ofrezo a execución da obra de **CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA
TERCEIRA IDADE DE "O REVEL"**, incluíndo as melloras completas que se
marcan cunha **X** no cadro que se achega a continuación:

x	UD	DESCRIPCIÓN DA MELLORA	VALORACIÓN MELLORA	PUNTOS
	1	<p>EQUIPO DE MEGAFONIA.</p> <p>Equipo de megafonía formado polos seguintes elementos:</p> <p>Matriz Dixital de adiu modelo Ecler Mimo 88 ou equivalente, 8 entradas y oito saídas, totalmente programable e enlazable a unha segunda unidade para converterse en unha matriz de 16x16, con encamiñamento real desde calquera entrada a calquera saída.</p> <p>Panel mural táctil EclerNet WPMSScreen.</p> <p>Altavoces Architect 10</p> <p>Altavoces subgrave 10 de Ecler</p> <p>Amplificador de 2x720 W</p> <p>Altaces Arquitec 8</p> <p>Amplificador de 2x360 W</p> <p>Micrófono condens cuello de cisne</p> <p>Base de micrófono de sobremesa</p>	13.000,00 €	3,31

	<p>Instalación e posta en marcha dos equipos</p> <p>Rack para equipos de audio</p>		
2	<p>Mellora de impermeabilización de cerramentos de fachada, baixo o acabado exterior, a base de lamina drénante nodular de polietileno de alta densidade (PEAD/HDPE), con nódulos de 8 mm de altura con geotextil de polipropileno incorporado, resistencia a compresión de 150 Kg/m², según UNE-EN ISO 604, capacidade drénante 5 l e masa nominal 0,7 kg/m², anclada a cerramento mediante fixacións mecánicas e rematada superiormente mediante perfil metálico.</p>	12.918,96 €	3,29
3	<p>Mellora do solado de escaleiras prevista de terrazo, por solado de peldaños a base de huella e tabica de granito nacional con cara e cantos pulidos, con huella de 3 cm de espesor e tabica de 2 cm de espeso, recibidos con mortero de cemento CEM II/B-P 32,5 M, tipo M-5, confeccionado en obra con 250 Kg/m³ de cemento u unha proporción 1/6.</p>	5.250,00 €	1,34
4	<p>Mellora portas de paso dobres de roble; por portas block de porta acústica de madeira, con un illamento ao ruído aéreo de 42 dBA, de dobre folla lisa, composto por alma de tableiro aglomerado de partículas de baixa densidade, recuberto por ambas caras de un complexo multicapa, absorbente acústico, rechapado con chapa de madeira de roble en caras e cantos, bastidor e cerco de pino, sobre precerco de pino pais 90x35 mm. Incluso pernios, manilla e cerradura de aceiro inoxidable, xuntas acústicas perimetrales de goma, burlete de guillotina inferior, accesorios, ferraxes de colgar, aloxamento e calzado de block no premarco, fixación do block no premarco con tornillos de aceiro e espuma de poliuretano para recheo da folgura entre premarco e block da porta; totalmente rematada e instalada.</p>	3.960,00 €	1,01
5	<p>Mellora portas de paso lisa lacadas; por portas block de porta acústica de madeira, con un illamento ao ruído aéreo de 42 dBA, de de unha folla lisa, composto por alma de tableiro aglomerado de partículas de baixa densidade, recuberto por ambas caras de un complexo multicapa, absorbente acústico, rechapado con chapa de madeira de roble en caras e cantos, bastidor e cerco de pino, sobre precerco de pino pais 90x35 mm. Incluso pernios, manilla e cerradura de aceiro inoxidable, xuntas acústicas perimetrales de goma, burlete de guillotina inferior, accesorios, herraxes de colgar, aloxamento e calzado de block no premarco, fijación do block no premarco con tornillos de aceiro e espuma de poliuretano para recheo da folgura entre premarco e block da porta; totalmente rematada e instalada.</p>	5.143,60 €	1,31
6	<p>Mellora portas de paso librillo de catro follas de roble; por portas block de porta acústica de madeira, con un illamento ao ruído aéreo de 42 dBA, de catro follas lisas de librillo composto por alma de tableiro aglomerado de partículas de baixa densidade, recuberto por ambas caras de un complexo multicapa, absorbente acústico, rechapado con chapa de madeira de roble en caras e cantos, bastidor e cerco de pino, sobre precerco de pino pais 90x35 mm. Incluso pernios, manilla e cerradura de aceiro inoxidable, xuntas acústicas perimetrales de goma, burlete de guillotina inferior, accesorios, herraxes de colgar, aloxamento e calzado de block no premarco, fijación do block no premarco con tornillos de aceiro e espuma de poliuretano para recheo da folgura entre premarco e block da porta; totalmente rematada e instalada.</p>	10.450,00	2,66
7	<p>Mellora do solado previsto de terrazo, por solado de granito nacional púlido de de 3 cm de espesor, recibido con mortero cementoso mejorado, C2 TE; incluso formación de xuntas perimetrales continuas de ancho no menor de 5 mm, rexuntado con mortero de xuntas cementoso, CG1, coa mesma tonalidade e limpeza.</p>	67.173,60 €	17,09



3. INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA: Ofrezoo a execución da obra de "CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA TERCEIRA IDADE DE "O REVEL"", cunha ampliación da garantía con respecto ao prazo establecido no prego de cláusulas administrativas particulares de _____ anos completos.

4.OFERTA ECONÓMICA: Ofrezoo a execución da obra de ""CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA TERCEIRA IDADE DE "O REVEL""", pola seguinte cantidade, incluído o I.V.E., que non supera o orzamento base de licitación sinalado na cláusula 2ª do prego de cláusulas administrativas particulares (1.555.577,65 €):

_____ €.

Lugar, data e sinatura do licitador.

ANEXO A:

MELLORAS DA OBRA DE "CENTRO SOCIO-CULTURAL E DA TERCEIRA IDADE DE "O REVEL""

UD	CANTIDAD	DESCRIPCIÓN DA MELLORA	PREZO CON IVE DA MELLORA	VALORACIÓN MELLORA	PUNTOS
1		EQUIPO DE MEGAFONIA. Equipo de megafonía formado polos seguintes elementos:		13.000,00 €	3,31
	1	Matriz Dixital de adiu modelo Ecler Mimo 88 ou equivalente, 8 entradas y oito saídas, totalmente programable e enlazable a unha segunda unidade para converterse en unha matriz de 16x16, con encamiñamento real desde calquera entrada a calquera saída.			
	1	Panel mural táctil EclerNet WPMScreen.			
	4	Altavoces Arquitect 10			
	2	Altavoces subgrave 10 de Ecler			
	2	Amplificador de 2x720 W			
	2	Altaces Arquitect 8			
	1	Amplificador de 2x360 W			
	4	Micrófono condens cuello de cisne			
	4	Base de micrófono de sobremesa			
	1	Instalación e posta en marcha dos equipos			
	1	Rack para equipos de audio	13.000,00 €/Ud		
2	1.076,58 m ²	Mellora de impermeabilización de cerramentos de fachada, baixo o acabado exterior, a base de lamina drénante nodular de polietileno de alta densidade (PEAD/HDPE), con nódulos de 8 mm de altura con geotextil de polipropileno incorporado, resistencia a compresión de 150 Kg/m ² , según UNE-EN ISO 604, capacidade drénante 5 l e masa nominal 0,7 kg/m ² , anclada a cerramento mediante fixacións mecánicas e rematada superiormente mediante perfil metálico.	12,00 €/m ²	12.918,96 €	3,29
3	70,00 MI	Mellora do solado de escaleiras prevista de terrazo, por solado de peldaños a base de huella e tabica de granito nacional con cara e cantos pulidos, con huella de 3 cm de espesor e tabica de 2 cm de espeso, recibidos con mortero de cemento CEM II/B-P 32,5 M, tipo M-5, confeccionado en	75,00 €/ml	5.250,00 €	1,34



		obra con 250 Kg/m3 de cemento u unha proporción 1/6.			
4	9,90 m2	Mellora portas de paso dobres de roble; por portas block de porta acústica de madeira, con un illamento ao ruído aéreo de 42 dBA, de dobre folla lisa, composto por alma de tableiro aglomerado de partículas de baixa densidade, recuberto por ambas caras de un complexo multicapa, absorbente acústico, rechapado con chapa de madeira de roble en caras e cantos, bastidor e cerco de pino, sobre precerco de pino país 90x35 mm. Incluso pernios, manilla e cerradura de aceiro inoxidable, xuntas acústicas perimetrales de goma, burlete de guillotina inferior, accesorios, ferraxes de colgar, aloxamento e calzado de block no premarco, fixación do block no premarco con tornillos de aceiro e espuma de poliuretano para recheo da folgura entre premarco e block da porta; totalmente rematada e instalada.	400,00 €/m2	3.960,00 €	1,01
5	23,38 m2	Mellora portas de paso lisa lacadas; por portas block de porta acústica de madeira, con un illamento ao ruído aéreo de 42 dBA, de de unha folla lisa, composto por alma de tableiro aglomerado de partículas de baixa densidade, recuberto por ambas caras de un complexo multicapa, absorbente acústico, rechapado con chapa de madeira de roble en caras e cantos, bastidor e cerco de pino, sobre precerco de pino país 90x35 mm. Incluso pernios, manilla e cerradura de aceiro inoxidable, xuntas acústicas perimetrales de goma, burlete de guillotina inferior, accesorios, herraxes de colgar, aloxamento e calzado de block no premarco, fijación do block no premarco con tornillos de aceiro e espuma de poliuretano para recheo da folgura entre premarco e block da porta; totalmente rematada e instalada.	220,00 €/m2	5.143,60 €	1,31
6	20,90 m2	Mellora portas de paso librillo de catro follas de roble; por portas block de porta acústica de madeira, con un illamento ao ruído aéreo de 42 dBA, de catro follas lisas de librillo composto por alma de tableiro aglomerado de partículas de baixa densidade, recuberto por ambas caras de un complexo multicapa, absorbente acústico, rechapado con chapa de madeira de roble en caras e cantos, bastidor e cerco de pino, sobre precerco de pino país 90x35 mm. Incluso pernios, manilla e cerradura de aceiro inoxidable, xuntas acústicas perimetrales de goma, burlete de guillotina inferior, accesorios, herraxes de colgar, aloxamento e calzado de block no premarco, fijación do block no premarco	500,00 €/m2	10.450,00	2,66



		con tornillos de aceiro e espuma de poliuretano para recheo da folgura entre premarco e block da porta; totalmente rematada e instalada.			
7	1.119,57 m2	Mellora do solado previsto de terrazo, por solado de granito nacional púlido de de 3 cm de espesor, recibido con mortero cementoso mejorado, C2 TE; incluso formación de xuntas perimetrales continuas de ancho no menor de 5 mm, rexuntado con mortero de xuntas cementoso, CG1, coa mesma tonalidade e limpeza.	60,00 €/m2	67.173,60 €	17,09